



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza
- Decreto polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Pedro Armas como delegado provincial da Consellería de Educación na Coruña
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de José Manuel Mouriz Cabalo como delegado provincial da consellería de Educación
- Decreto polo que se dispón a substitución de Olga Patiño Doval como membro do Consello Escolar de Galicia por Virgilio Gantes Gómez

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxinación e inserción do pobo xitano

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dunha acción da sociedade Tragsa pola Comunidade Autónoma de Galicia e o subseguinte desembolso do valor da mesma, por importe de seis mil oitocentos noventa e tres euros con sesenta e un céntimos (6.893,61 euros).



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Piñor para realizar as obras de urbanización do contorno do concello
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Riós para realizar as obras de urbanización de dous espazos públicos no municipio

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Arcebispado de Santiago de Compostela para o proxecto de rehabilitación e urbanización do contorno da igrexa de San Salvador de Limiñón (Concello de Abegondo)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Innovación e Industria e Pequenos e Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión S.A. (PYMAR) para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantías aos contratos dos estaleiros galegos

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se ratifica a sinatura e se validan os gastos derivados dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o Instituto Enerxético de Galicia e a Comunidade de Montes en Man Común de Xinzo-Ponteareas, para o fomento do aproveitamento enerxético da biomasa primaria en Galicia.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación: Estudo de factores



ambientais e posibles patóxenos que afectan o cultivo da ameixa fina (*Ruditappes decussatus*) na Ría de Pontevedra



EDUCACIÓN ESTABLECE A ORDENACIÓN DO GRAO ELEMENTAL DAS ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE DANZA

- A Lei orgánica de educación (LOE) recolle que serán as administracións educativas as que determinen as características e organización destas ensinanzas
- O decreto que ordena estas ensinanzas inclúe como novidades a posibilidade dunha convocatoria extraordinaria para a recuperación de materias e a inclusión entre os obxectivos do fomento do patrimonio de danza galega
- Os estudantes poderán acceder a calquera dos catro cursos mediante proba
- No 4º curso introdúcense os itinerarios de danza clásica, española e contemporánea

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza, que ten por obxecto determinar aspectos como a finalidade e organización destas ensinanzas; o seu currículo; a avaliación, promoción e permanencia destes estudos; ou os requisitos mínimos dos centros que os impartan. Entre as novidades que introduce atópanse a posibilidade dunha convocatoria extraordinaria para a recuperación de materias, a apertura de tres itinerarios en 4º curso, e a inclusión do patrimonio de danza galega entre os obxectivos de grao.

A Lei orgánica de educación (LOE) establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza, e indica que as ensinanzas elementais de danza terán as características e a organización que as Administracións educativas determinen.

O decreto aprobado hoxe establece que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza é a de promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión dancística adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A norma establece ademais que estas ensinanzas organizaranse en catro cursos. Entre os obxectivos desta etapa atópanse apreciar a importancia da danza como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas; coñecer e valorar o dominio do propio corpo e a súa importancia no desenvolvemento da técnica e da expresión artística; relacionar os coñecementos musicais cos códigos de movemento aprendidos co fin de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística; e fomentar a utilización do patrimonio dancístico e musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación artística.

En canto ás materias, en 1º e en 2º curso impartirase Danza clásica, de carácter, e Música; en 3º Danza clásica, galega e Música; e en 4º Danza clásica, Introducción á danza española e ao baile flamenco, Introducción á danza contemporánea e Música.



Neste último curso introdúcense os tres itinerarios (danza clásica, española e contemporánea) nos que os estudantes poderán especializarse posteriormente no grao profesional.

Requisitos e probas de acceso

O decreto establece que para acceder ás ensinanzas de grao elemental será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Ademais, como novidade, poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba.

En canto á avaliación, esta norma establece como novidade que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

Requisitos dos centros

No decreto establécense, así mesmo, os requisitos mínimos que os centros que impartan ensinanzas de grao elemental de danza deben cumprir. Así, indícase que con carácter xeral estas ensinanzas se impartirán nos conservatorios elementais ou profesionais de danza, e nos centros autorizados elementais ou profesionais de danza. Como mínimo, estes centros deberán contar cun aula de música; servizos de biblioteca, videoteca e fonoteca; un espazo para representacións de danza; dependencias administrativas; vestiarios, etc. Ademais, estes centros deberán ter un mínimo de 80 postos escolares; e, como máximo, haberá unha relación numérica entre profesorado e alumnado de 1/17.

En cumprimento do calendario da nova ordenación do sistema educativo, os catro cursos do grao elemental implantaranse este curso académico 2007-2008. En Galicia existen 2 conservatorios de danza e 3 centros autorizados de danza. Estes centros contan este curso cun total de 268 alumnos matriculados, segundo as estimacións da Consellería.



AS ESCOLAS OFICIAS DE IDIOMAS ADAPTARÁN ESTE CURSO 2007-2008 OS SEUS CURRÍCULOS Á LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN

- O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio
- As EOI de Vigo e A Coruña impartirán chinés e xaponés, polo que a oferta de linguas na Comunidade amplíase a 11
- Ademais, o título de bacharelato dará acceso ao primeiro curso do nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio. Esta norma, de aplicación nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia, regula ademais as condicións en que se poden obter os certificados acreditativos da superación dos niveis básico, intermedio e avanzado destas ensinanzas; e os requisitos mínimos que deben cumprir as EOI no relativo á relación numérica entre estudantes e profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.

O decreto establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial impartidas nas escolas oficiais de idiomas organízanse nos niveis básico, intermedio e avanzado, en correspondencia co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Igualmente, recolle que se poderán impartir nestes centros cursos de especialización para a actualización e o perfeccionamento de competencias en idiomas, e para a formación do profesorado, colectivos profesionais, e público en xeral. Segundo establece o calendario de aplicación da Lei orgánica de educación (LOE) este curso 2007-2008 implantaranse o nivel básico 1 e 2, e o nivel intermedio 1 de idiomas, e deixarán de impartirse as ensinanzas de ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas. Pola súa banda, o nivel intermedio 2 e o nivel avanzado das ensinanzas de idiomas implantaranse no curso 2008-2009.

Así mesmo, a norma indica que as ensinanzas de idiomas de réxime especial poderán cursarse nas modalidades presencial e a distancia. En canto á organización, as ensinanzas dos niveis básico, intermedio e avanzado desenvolveranse en dous cursos académicos cada un deles, cunha duración de 130 horas por curso.

As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe.



O nivel básico ten por finalidade capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito, de xeito eficaz e apropiado en situacións comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Pola súa banda, o nivel intermedio ten a finalidade de capacitar o alumnado para utilizar o idioma en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, que requiran comprender e producir textos en lingua estándar en distintos rexistros e que conteñan variedade de expresións e termos habituais e cultos de uso común non especializados.

Por último, o nivel avanzado capacitará para empregar o idioma en situacións comunicativas referentes a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística e de riqueza léxica.

Unha das novidades que establece este decreto é que o título de bacharel habilita para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio na primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato. Ademais, para acceder ás ensinanzas de idiomas será requisito ter 16 anos cumpridos no ano en que se comecen os estudos. Tamén poderán acceder os estudantes con 14 anos cumpridos que desexen matricularse nun idioma distinto do que estea a cursar na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

Por último, cabe destacar a implantación do chinés e do xaponés nas Escolas Oficiais de Idiomas en Vigo e A Coruña. Coa posta en marcha desta novidade, amplíase a oferta de idiomas a once: alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, galego, español como lingua estranxeira e xaponés.

Como medidas de apoio ao currículo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria leva a cabo diversas iniciativas, como a formación permanente do profesorado, que incide na mellora do rendementos do alumnado e do seu desenvolvemento persoal e social; a elaboración de materiais de apoio ao profesorado que desenvolvan o currículo; e o impulso á investigación, experimentación e innovación educativas mediante a convocatoria de axudas a proxectos específicos, xerando un marco de reflexión sobre o funcionamento real e a mellora do proceso educativo.

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou en varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o



mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas. Foméntase especialmente o estudo das linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, das linguas oficiais coexistentes en España e do español como lingua estranxeira.

(Xúntase táboa coa equivalencia de ensinanzas)

Equivalencias das ensinanzas

	Decreto 1629/2006, 29 de decembro	Decreto 967/1988, 2 de setembro
07/08	Nivel básico 1	1º Curso ciclo elemental
	Nivel básico 2	2º Curso ciclo elemental
	Certificado nivel básico (A2)	
	Nivel intermedio 1	3º Curso ciclo elemental
08/09	Nivel intermedio 2	
	Certificado nivel intermedio (B1)	Certificación académica ciclo elemental
	Nivel avanzado 1	1º curso ciclo superior
	Nivel avanzado 2	2º curso ciclo superior
	Certificado de nivel avanzado (B2)	Certificado de aptitude



A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO COOPERAN NA EXECUCIÓN DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO XITANO

- Ambas administracións asinarán un convenio para desenvolver distintas iniciativas, cun importe global de 541.000 euros
- As actuacións realizaranse na Coruña, Culleredo, Narón, Ribeira, Santiago de Compostela, Lugo, Quiroga, Viveiro, Ourense, O Carballiño, Mancomunidade do Carballiño, Maceda, Verín, Xinzo de Limia, Marín e O Porriño

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxinação e inserción do pobo xitano. O investimento global do acordo é de 541.082 euros, dos que o Ministerio poñerá 213.488 euros, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar 249.733 euros e as corporacións locais beneficiarias 77.861 euros.

A través do convenio que asinarán, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo executarán conxuntamente o Plan de Desenvolvemento Xitano para este ano 2007, mediante distintos proxectos de intervención social integral para a inserción do pobo xitano. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar atende de xeito prioritario a continuidade dos proxectos xa financiados en exercicios anteriores, tendo en conta o índice estimado de poboación xitana residente nos concellos nos que se desenvolven, pero tamén se financian novas iniciativas que concorreron á orde de convocatoria publicada para as corporacións locais con este fin.

Proxectos

As iniciativas postas en marcha no Plan de Desenvolvemento Xitano inclúen actuacións en cinco concellos da provincia da Coruña, máis concretamente nos municipios da Coruña, Culleredo, Narón, Ribeira e Santiago de Compostela. Na provincia de Lugo fináncianse proxectos en Lugo, Quiroga e Viveiro. En Ourense desenvólvense iniciativas e programas de desenvolvemento xitano en Ourense, O Carballiño, Maceda, Verín, Xinzo de Limia e na Mancomunidade de concellos do Carballiño. Por último, na provincia de Pontevedra execútanse actuacións en Marín e no Porriño.



A XUNTA APROBA A ENTRADA NO CAPITAL DO GRUPO TRAGSA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a entrada da sociedade Transformacións Agrarias (Tragsa), empresa española de capital público dedicada basicamente á realización de traballos no ámbito agrario e medioambiental. A operación suporá un desemboso de 6.893'61 euros.

Sendo Tragsa un medio instrumental e un servizo técnico das administracións públicas e dos organismos públicos delas dependentes -entre elas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia- considérase de interese a participación no seu capital social o que facilitará poder contar, no seu caso, cun servizo técnico axeitado para a realización de servizos esenciais e actuacións urxentes ou de emerxencia compatible e complementario coas actuacións a desenvolver polas empresas autonómicas actualmente constituídas.

Tragsa realiza actuacións que abarcan o deseño e construción de infraestruturas e equipamentos para a modernización e mellora dos sistemas de produción agraria; tecnoloxías para un mellor aproveitamento da auga; actividades de conservación do medio natural; actuacións forestais; e a xestión dos recursos pesqueiros e a acuicultura.

No capital de Tragsa, integramente público, participan xa as comunidades autónomas de Madrid, Castilla-La Mancha, Navarra, Cantabria, Murcia, Rioja; xunto coa Dirección General del Patrimonio del Estado, o Fondo Español de Garantía Agraria, e a Sociedad Estatal de Participaciones del Estado (Sepi).



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DE 450.000 EUROS NA URBANIZACIÓN DO CONTORNO DA CASA DO CONCELLO EN PIÑOR

- O Consello da Xunta aprobou o convenio entre a CPTOPT e o concello ourensán

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará un total de 453.998,44 euros (repartidos en dúas anualidades) para a urbanización do contorno da Casa do Concello de Piñor. O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a CPTOPT e o Concello que permitirá adecuar este espazo público. Debido á ampliación que se está realizando da Casa do Consello é necesaria a actuación de reordenación espacial e a mellora do ámbito que separa o edificio do Centro de Saúde que hai nas inmediacións.

Segundo o dito convenio, a Consellería de Política Territorial financiará as obras, redactará os proxectos que sexan necesarios e levará a cabo a contratación, dirección, xestión e recepción das obras. Pola súa banda o Concello porá á disposición de Política Territorial os terreos necesarios para a execución das obras e obterá os permisos e licenzas pertinentes. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Piñor asumirá a explotación e a conservación das mesmas.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINARÁ MÁIS DE 580.000 EUROS Á MELLORA DE DOUS ESPAZOS PÚBLICOS EN RIÓS

- O convenio entre a CPTOPT e o Concello terá como obxectivo a urbanización da Pena do Souto e de Castrelo de Cima

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Riós para urbanizar dous espazos públicos. A través deste convenio a CPTOPT investirá un total de 582.311,84 euros repartidos en dúas anualidades para incorporar ao uso cidadán dous espazos públicos do concello.

As zonas onde se realizarán as obras serán a Pena do Souto e Castrelo de Cima. No primeiro caso reformarase o cruzamento próximo á capela de Pena do Souto co fin de convertela nun espazo público onde se poidan realizar distintas celebracións e actos. En segundo lugar, a intervención en Castrelo de Cima terá como obxectivo acondicionar esta zona, moi deteriorada como consecuencia de diferentes demolicións. As obras permitirán crear unha superficie que se converterá nunha praza pública.

A Consellería de Política Territorial financiará os traballos e levará a cabo a contratación, xestión, dirección e recepción das obras. Pola súa parte o Concello de Riós porá á disposición da Consellería os terreos necesarios para a execución das obras e asumirá a obtención dos permisos e licenzas pertinentes. Unha vez rematadas as obras, o Concello encargárase da conservación e explotación destas.

Estas actuacións enmárcanse dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras coa finalidade de adecuar ámbitos urbanos específicos que melloren as relacións sociais e contribúan a formar unha identidade propia no conxunto da cidade.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ASINARÁ UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO PARA REHABILITAR O CONTORNO DA IGREXA DE SAN SALVADOR DE LIMIÑÓN, EN ABEGONDO

- O departamento autonómico achegará máis de 84.000 euros para financiar esta actuación

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e industria e o Arcebispado de Santiago para levar a cabo o proxecto de rehabilitación e urbanización do contorno da Igrexa parroquial de San Salvador de Limiñón, no concello de Abegondo. Para levar a cabo este proxecto, a Consellería de Innovación achegará 84.914,60 euros, que se investirán na pavimentación e na reparación de muros, cubertas e paramentos.

Con base nisto, o Arcebispado porá á disposición da Dirección Xeral de Turismo, dependente da Consellería de Innovación e Industria, os terreos do adro da dita igrexa parroquial, necesarios para a normal execución das obras de rehabilitación do contorno desta, libre de cargas e gravames.

Este convenio ten por obxectivo a defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural, evitando a súa degradación; para así potenciar o turismo na zona e incidir no seu desenvolvemento.



A XUNTA AMPLIARÁ A SÚA COLABORACIÓN CON PYMAR PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EN GALICIA

- A Consellería de Innovación e Industria achegará 800.000 euros para o Fondo Patrimonial de Garantías da Sociedade

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e Pequenos e Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión S.A. (PYMAR). Esta addenda ten por obxecto o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do fondo patrimonial de garantías aos contratos dos estaleiros galegos.

A saturación dos estaleiros coreanos, a especialización en buques sísmicos, portacontedores, quimiqueiros e remolcadores con destino á mariña mercante dos estaleiros privados galegos fai que a carteira de contratos destes teña aumentado novamente en 2007. Así mesmo, a entrada en vigor de novos contratos, así como as negociacións que manteñen os estaleiros para a entrada en vigor de máis contratos motivan a necesidade de ampliación do Fondo Patrimonial de Garantía de PYMAR por parte da Xunta de Galicia.

Coa finalidade de facer fronte ás necesidades de afianzamento, con destino a todos os estaleiros que sexan, ou se fagan no futuro, membros do Fondo Patrimonial de Garantías de PYMAR asinarase este addenda, á que se destinará un total de 800.000 euros.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ CO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E COA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE XINZO-PONTEAREAS PARA FOMENTAR O APROVEITAMENTO ENERXÉTICO DA BIOMASA FORESTAL PRIMARIA

- A Consellería do Medio Rural asinou un convenio co Instituto Enerxético de Galicia e coa Comunidade de Montes en man común de Xinzo-Ponteareas co fin de facer un aproveitamento mecanizado da biomasa forestal primaria que produce o monte.
- O investimento previsto por parte da Consellería do Medio Rural ascende a 96.900 euros

A Consellería do Medio Rural asinou un convenio de colaboración para o fomento do aproveitamento enerxético da biomasa forestal primaria en Galiza co Instituto Enerxético de Galicia (Inega), dependente da Consellería de Innovación e Industria, e coa Comunidade de Montes en man común de Xinzo-Ponteareas.

Coa sinatura deste convenio, cuxo gasto foi convalidado e ratificado hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería do Medio Rural pretende desenvolver os usos enerxéticos da biomasa forestal dos montes galegos para diminuír o risco de incendios forestais, diversificar os aproveitamentos do monte e favorecer creación de emprego no rural.

As liñas de actuación que se pretenden poñer en funcionamento tras a sinatura do acordo entre Medio Rural, o Inega e a Comunidade de Montes en man común de Xinzo Ponteareas son:

- Dotar a Comunidade de Montes do equipamento e maquinaria forestal necesarios para facer o aproveitamento mecanizado da biomasa forestal primaria que produce o monte.
- Dotar a Comunidade de Montes dunha nave aberta e diáfana para almacenar e protexer a estela procedente da biomasa.
- Dotar o centro Multiusos dunha planta para a produción de calor e auga quente e dos complementos necesarios para o seu funcionamento: depósito de estela, alimentación automatizada e rede de distribución de auga quente no edificio.
- Analizar e perfeccionar os sistemas de colleita, transporte e estelado da biomasa.
- Avaliar os rendementos e os custes reais dos equipos e maquinarias dedicados a este fin.
- Analizar e avaliar o sistema de combustión e de alimentación, incluíndo as características da materia prima.
- Difundir o sistema entre expertos, comunidades de montes e silvicultores galegos.



Para realizar todas estas liñas de actuación, Medio Rural ten previsto investir 96.900 euros que se sumarán ás achegas dos outros dous asinantes do convenio: 96.900 euros do Inega e 72.059 da Comunidade de Montes de Xinzo-Ponteareas.

A Consellería do Medio Rural participará no seguimento e avaliación do sistema e da súa execución e achegará a cofinanciación estipulada para a dotación de equipamento e instalacións necesarias para o aproveitamento e manexo da biomasa no monte.

O Goberno galego ten en marcha o Plan técnico de aproveitamento enerxético da biomasa forestal de Galicia, dotado cun total de 171 millóns de euros, e que constitúe a primeira aposta transversal e integral do Goberno galego polo aproveitamento enerxético dos recursos do monte galego.

O Plan Técnico de Aproveitamento Enerxético da Biomasa Forestal dispón dunha serie de liñas estratéxicas para a súa aplicación coordinada entre os departamentos do Medio Rural e Innovación do Goberno galego. Segundo os datos que manexa a Consellería de Medio Rural, o 48 por cento do territorio de Galicia é superficie forestal arborada e Galicia é a comunidade en dispoñibilidade de residuos forestais, cunha produción de 995.000 toneladas por ano de biomasa forestal residual. As favorables características climatolóxicas e a importancia das explotacións madeireiras favorecen desde o punto de vista forestal o aproveitamento da biomasa. Segundo as estimacións de Medio Rural, Galicia pode producir unha media anual de 141.946 toneladas de biomasa residual procedente de tratamentos silvícolas e cortas finais.



PESCA E A USC ESTUDARÁN OS FACTORES AMBIENTAIS E PATÓXENOS QUE AFECTAN O CULTIVO DE AMEIXA FINA NA RÍA DE PONTEVEDRA

- Técnicos do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e da Universidade de Santiago colaborarán para coñecer as posibles causas da mortandade da ameixa fina nesta zona e así poder evitala
- Para levar a cabo esta iniciativa a Consellería de Pesca realizará unha achega de algo máis de 147.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización dun proxecto de investigación sobre o Estudo dos factores ambientais e posibles patóxenos que afectan o cultivo de ameixa fina (*Ruditapes decussatus*) na Ría de Pontevedra. O obxecto deste protocolo, que terá unha duración de tres anos, é regular a colaboración entre ambos os dous organismos para o desenvolvemento do estudo. Para este fin, o departamento de Pesca destinará un total de 147.017 euros.

As ameixas posúen unha carga importante de bacterias, algunhas delas potencialmente patóxenas, que poden podreecer en condicións adversas e afectar a supervivencia da súa poboación pouco antes de chegar á talla mínima de captura establecida por lei. É por isto que o principal obxectivo deste estudo é o de detectar os patóxenos potenciais que afectan o devandito molusco, así como os parámetros medioambientais que poidan influír no seu crecemento e supervivencia.

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), responsable desta acción de investigación, é un dos organismos dependentes da Consellería de Pesca encargado das funcións relativas á actividade investigadora, concretamente as referidas ás áreas de Procesos Oceanográficos Costeiros, Recursos Mariños, Acuicultura e Patoloxía. Para levar a cabo este proxecto, o CIMA contará coa colaboración do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da Facultade de Farmacia da USC, que dispón de investigadores e medios técnicos axeitados que, sumados aos que xa dispón a Consellería, permitirán a correcta consecución dos obxectivos marcados.

A través deste estudo procurarase mellorar o coñecemento do estado sanitario actual dos cultivos e das bacterias presentes nestes, deseñaranse métodos de diagnóstico máis rápidos e específicos e estudaranse outros patóxenos parásitos como o Perkinsus e o Haplosporidium. Tamén se incidirá no coñecemento dos factores ambientais das zonas de cultivo, relacionándoos cos límites de tolerancia das ameixas e dos posibles patóxenos atopados.



Deste xeito, Pesca e a USC centrarán os seus esforzos no coñecemento da situación sanitaria do cultivo de ameixa na ría de Pontevedra e no desenvolvemento de métodos de diagnóstico e detección máis áxiles. Estes aspectos serán de grande utilidade permitindo, ademais de coñecer as causas da mortandade, adoptar medidas preventivas que impidan a propagación bacteriana entre as diferentes zonas.

Dentro deste proxecto de investigación, a Universidade compostelá encargárase da realización de mostraxes mensuais de ameixa fina, do procesado de mostraxes para análises microbiolóxicas, levará a cabo ensaios de patoxenicidade dos principais grupos de microorganismos detectados nas mostraxes, analizará os resultados obtidos e participará na preparación de artigos e comunicacións a congresos.

Nacemento do proxecto

A acción de investigación que levará a cabo o CIMA, coa colaboración da USC, xorde a raíz dos contactos previos que a Consellería de Pesca mantivo coas confrarías de pescadores da Ría de Pontevedra, que manifestaron a súa preocupación polos importantes episodios de mortandade que ultimamente está a sufrir este molusco pouco antes de chegar ao tamaño mínimo establecido por lei.

En Galicia o cultivo de moluscos bivalvos é de grande importancia económica xa que está solidamente establecido e presenta un mercado consolidado. Así mesmo, é de destacar a importancia que a ameixa fina supón para a economía dos mariscadores, dado o alto valor económico que alcanza nas vendas.



NOMEADO JOSÉ MANUEL MOURIZ CABALO COMO NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NA CORUÑA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a José Manuel Mouriz Cabalo novo delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia da Coruña, en substitución de Pedro Armas Diéguez, quen puxo seu cargo á disposición da Administración educativa autonómica.

José Manuel Mouriz Cabalo, nado o 16 de xuño de 1961 en Lugo, é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesor agregado de bacharelato por oposición libre desde 1985, exerceu o seu labor como profesor de Xeografía e Historia en diversos Institutos de Educación Secundaria (IES) desde 1986. Ademais, entre os anos 1999 e 2005, foi director do IES de Barallobre, do IES de Fene e do Centro Integrado de Formación Profesional de Fene, ao tempo que participou na Xunta Provincial de Directores e na Xunta Autonómica de Directores.

Neste sentido, Mouriz Cabalo participou activamente na creación de foros de dirección de centros educativos como a Comisión Estatal Permanente de Directores de IES, ademais de axudar á creación da Asociación de Directores e Directivos de IES de Galicia (ADDIGA). O novo delegado da Consellería de Educación en A Coruña é autor de materiais didácticos e libros de texto, e traballou na posta en marcha da editorial Rodeira entre os anos 1992 e 1994.

Desde o verán de 2005 José Manuel Mouriz Cabalo incorporouse ao Goberno da Xunta de Galicia exercendo os cargos de subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente (setembro de 2005-agosto de 2006) e de subdirector xeral de Centros, posto que desempeñou desde setembro de 2006 ata a actualidade. Ademais, Mouriz Cabalo é membro do Consello Escolar de Galicia desde novembro de 2005 en representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O Consello Escolar de Galicia é o órgano de participación e de consulta da comunidade educativa galega.



VIRGILIO GANTES GÓMEZ, NOMEADO NOVO MEMBRO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou tamén o decreto polo que Olga Patiño Doval cesa como membro do Consello Escolar de Galicia en representación dos pais de alumnos pola Confederación Galega de APAs de Centros Públicos – Confapa Galicia, e noméase no seu lugar a Virgilio Gantes Gómez.

O mandato do novo membro do Consello Escolar de Galicia será polo tempo que resta para completar o período da representatividade que desempeña, que coincide coa próxima renovación por metades que establece o artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, que se realizará en xuño de 2008.